

Folla de información de saúde pública. As chinchas

Marzo 2011



Fonte: <http://phil.cdc.gov/phil/>

As chinchas acompañan o home dende hai moito tempo no seu entorno. Despois da Segunda Guerra Mundial, co uso xeneralizado dos insecticidas sintéticos, as poboacións de chinchas reducíronse moito e as infestacións fixéronse raras. Nos últimos dez anos, produciuse un rexurdimento da súa presenza debido ao aumento das viaxes e o crecemento do comercio de mobles vellos que puidesen contelas, ás restricións do uso de biocidas cun maior poder residual e aos cambios nas prácticas de control doutras pragas que, pola súa vez, controlaban as poboacións de chinche (como ocorre pola desaparición das cascudas polo uso de atraentes específicos, xa que comparten hábitat coas chinchas).



Fonte: University of Kentucky. College of agriculture. Entomology
<http://www.ca.uky.edu/entomology/> - Fotos: M. Potter 2004

Que é unha chinche?


A chinche común ou chinche da cama adulta (*Cimex lectularius*) é un insecto de aproximadamente 6-7 milímetros de lonxitude, de forma ovalada, aplanado, de cor castaña avermellada e cuberto de pequenos pelos dourados. A chinche emite un característico cheiro a mofo doce debido á secreción dunha glándula situada na parte inferior do tórax.

Para chegar a adultas, pasan por cinco fases de desenvolvemento (denominadas ninfas ou chinchas inmaturas) e cada unha delas

necesita, polo menos, unha comida de sangue para pasar á seguinte fase. Ao eclosionar, as ninfas non son máis grandes ca unha cabeza de alfinete. As ninfas poden sobrevivir durante meses sen alimentarse e os adultos durante máis dun ano.

Son nocturnas, pero poden alimentarse a plena luz do día cando teñen fame. Cada femia pode poñer 200-500 ovos de 1 mm e cor branca, en superficies ou fendas, ao longo de dous anos ou máis de vida. O ciclo de vida, de ovo a ovo, pode levar catro ou cinco semanas baixo boas condicións.

Aliméntase do sangue dun hóspede mediante a picadura da pel.



Onde se atopan as chinches?

A chinche da cama escóndese en fendas durante o día e sae durante a noite para alimentarse. Pode atoparse arredor dos botóns e as costuras dos colchóns, no somier ou na súa cuberta, sacos de durmir, roupa de cama e en calquera greta do marco de madeira das camas. Outros lugares nos que se pode atopar son marcos de cadros, escritorios, mobles tapizados, zócolos, gretas no piso, detrás de papel de parede solto, dos enchufes e chaves de luz, marcos de portas e ventás, condutos de luz, maletas, mochilas, libros etc.

En infestacións masivas pódense atopar nos ocos dos muros, áticos e outras áreas pechadas. Poden mobilizarse a grandes distancias para obter a súa comida de sangue.

5

Como se detectan?

Tendo en conta que son moi pequenas, nocturnas, e que poden detectar e evitar a presenza de produtos químicos (incluídos produtos de limpeza), as chinches son difíciles de controlar. Transpórtanse facilmente nas equipaxes, mobles, caixas e incluso nas roupas. Excepto xusto despois de inxerir sangue, teñen un espesor pequeno, o que lles permite introducirse por estreitas



fendas. En ausencia de hóspedes, os adultos poden vivir sen alimentarse durante meses.

Os signos típicos que poden detectar con precisión unha infestación de chinches inclúen:

- Ver ou atopar chinches vivas ou mortas
- Ulir o cheiro característico.
- Encontrar ovos ou restos, ou mudas de ninfas.
- Atopar deposicións fecais escuras ou manchas cor óxido na roupa de cama ou nos refuxios habituais.
- Ter en conta o patrón xeral de comportamento e establecer a hora das picaduras (normalmente nocturna) e outros factores para identificar se foron provocados polas chinches.

6

Cal é a importancia sanitaria das mordeduras?

As chinches aliméntase unicamente de sangue, xeralmente de mamíferos (especialmente de humanos e morcegos) ou de paxaros.

Téñense atopado ata 28 patóxenos humanos nas chinches comúns, pero non se probou que poidan transmitirle axentes patóxenos ao home. Non obstante, pódense dar complicacións debidas ao arrastre mecánico de axentes infecciosos pola pel ou secundarias á irritación e posterior rascado.

Aínda que a picadura adoita ser indetectable, a saliva contén proteínas que poden causar una reacción alérxica no caso de mordeduras repetidas que provoca ronchas crónicas ou recorrentes.

Os síntomas típicos dunha picadura inclúen inchazón, inflamación e cor vermella. As ronchas avermelladas poden chegar a picar intensamente durante varios días, e a miúdo se aprecian en liña pola zona do corpo onde se produciron as picaduras.



Fonte: GUIA DE CONTROL PARA CHINCHES DE CAMA Gale E. Ridge, The Connecticut Agricultural Experiment Station, www.ct.gov/caes. Foto: Gale Ridge, Rose Hiskes e Timothy O'Connor.



Fonte: Texas A&M University. Center of Urban and structural entomology <http://urbanentomology.tamu.edu/bedbugs/bedbugs.cfm> Foto: Fletcher et al 2002

Que facer en caso de mordedura?

As picaduras das chinchas normalmente non espertan ao seu hóspede. Poden producirse en calquera parte do corpo, pero normalmente localízanse cerca das veas próximas á pel.

Unha soa chinche pode picar máis dunha vez preto da mesma zona. Ora ben, as picaduras en diferentes partes do corpo indican mordeduras de varias chinchas.

No caso de ser picado por chinchas, lave con coidado a zona das mordeduras con auga e xabón. As picaduras das chinchas adoitan ser autolimitadas, é dicir, curan espontaneamente con ou sen tratamento específico, polo que xeralmente non requiren outra atención.

No caso de picor forte, pode aplicarse unha loción calmante, evitando sempre rascar o lugar da mordedura para evitar a súa posible infección.

No caso de persistir o picor forte ou se aparecen infeccións na pel, faise necesario acudir aos servizos médicos.

Como se prevé a infestación por chinches?

Actualmente, non hai obriga de informar das infestacións por chinches ás autoridades competentes en saúde pública ou outro organismo de goberno a calquera nivel.

Recoméndanse as seguintes estratexias preventivas:

- Limpeza diaria dos cuartos, aspirando o chan, paredes e baixo o mobiliario.
- Reparar e selar as gretas de paredes, teitos e chans, pegar os papeis pintados se están soltos.
- Lavado frecuente de sabas, toallas, mantas e sacos de durmir, utilizando auga quente a máis de 50° C.
- Evitar o acceso de animais domésticos ao interior dos aloxamentos.
- Comunicarlle ao responsable do establecemento calquera incidente relacionado con picaduras nocturnas.
- En establecementos públicos, executaranse as actividades contempladas nos plans de control de pragas.

Como se poden eliminar as chinches?

Existen distintas posibilidades de eliminación física mediante emprego de aspiradoras con filtros especiais, ademais doutras técnicas, como o selado dos refuxios ou incluso o uso de cubrecolchóns de peche hermético, que sempre que sexa posible, estarán certificados para a protección fronte a chinches.

As técnicas físicas de eliminación inclúen o uso da calor (por enriba dos 50° C), do frío (as chinches poden tolerar -15° C durante períodos curtos de tempo), de atmosferas controladas (dióxido de carbono) ou do vapor de auga.

Non obstante, o uso exclusivo de técnicas e produtos non insecticidas demostrou que non son eficaces de por si. Un control efectivo, polo xeral, consistirá na aplicación de insecticidas nas superficies e nas fendas onde se poidan ocultar as chinches.

Como se fan os tratamentos?

As pautas básicas que maioritariamente se recomendan no control de pragas están baseadas na loita integral contra pragas; é dicir, na adopción dun amplo conxunto de medidas preventivas e de vixilancia previas á utilización de biocidas, cuxo uso queda reservado a aquelas situacións nas que sexa estritamente necesario.

9

Neste sentido o concepto de Control Integrado de Pragas responde ao propósito de aumentar a selectividade e a especificidade na loita contra os vectores e as pragas limitando, ao mesmo tempo, o impacto sobre a saúde, o custe e o deterioro medioambiental.

Quen fai os tratamentos?

Toda empresa que se dedique á aplicación/manipulación de biocidas debe estar inscrita, antes de comezar a súa actividade, no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas (Orde do 26 de maio de 2008 pola que se crea o Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas, e se establecen as bases para a inscrición neste e o seu funcionamento na Comunidade Autónoma de Galicia).

Os produtos biocidas empregados deben estar rexistrados no Rexistro Oficial de Biocidas da Dirección Xeral de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Política Social e Igualdade.

O persoal debe ter a cualificación necesaria para o desempeño da dita actividade: o persoal encargado da aplicación/manipulación dos biocidas debe estar en posesión do carné básico de aplicador/manipulador de biocidas e o responsable da empresa debe posuír o carné cualificado de aplicador/manipulador de biocidas (Orde 30 de xullo de 1997, DOG do 15 de setembro de 1997 e Real Decreto 830/2010, de 25 de xuño, BOE do 14 de xullo de 2010).

Que lle debo pedir á empresa aplicadora de tratamentos?

10

A empresa de servizos deberá entregarlles aos clientes, antes dos tratamentos un documento no que se informe dos riscos existentes, tanto para os propios traballadores como para terceiros, como consecuencia dos tratamentos que se van levar a cabo, así como as medidas preventivas que se van establecer para evitar e controlar estes. Cando se teña constancia da recepción e aceptación do cliente deste documento, é cando a empresa de servizos pode realizar o tratamento específico para cada caso.

O servizo de aplicación, con posterioridade ao tratamento, debe entregarlles aos clientes un certificado acreditativo no que deixe constancia do traballo que se vai realizar e no que figuren:

- datos do titular do servizo e do contratante
- data, hora e lugares de aplicación
- axente que se vai combater
- biocidas empregados (nome comercial, número de rexistro e dosificación)

- métodos de aplicación
- prazo de seguridade e medidas recomendadas
- datos do aplicador e do responsable técnico con acreditación dos seus niveis de capacitación
- sinatura do responsable técnico e do contratante.

Enlaces

- Pódese consultar toda esta información na páxina web da Consellería de Sanidade <http://www.sergas.es>, accedendo á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, seguindo a ruta: Saúde Pública/Áreas de traballo/Sanidade ambiental/Biocidas.
http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=61105
- World Health Organization (WHO). Regional Office for Europe. Public health significance of urban pests
http://www.euro.who.int/InformationSources/Publications/Catalogue/20080617_9
- Laboratory Identification Parasites of Public Health Concern (DPDx) Center for Disease Control & Prevention (CDC)
http://www.dpd.cdc.gov/dpdx/HTML/Frames/A-F/Bedbugs/body_Bedbugs_page1.htm
- A Code of Practice for the Control of Bed Bug Infestations in Australia. 2009
http://medent.usyd.edu.au/bedbug/bedbug_cop.htm
- Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas (ANECPLA)
<http://www.anecpla.com>
- GUIA DE CONTROL PARA CHINCHE DE CAMA Gale E. Ridge, The Connecticut Agricultural, Experiment Station, www.ct.gov/caes.

Fotos

- Public Health Image Library (PHIL) <http://phil.cdc.gov/phil/>
- University of Kentucky. College of agriculture. Entomology <http://www.ca.uky.edu/entomology/> Foto: M. Potter 2004
- Texas A&M University. Center of Urban and structural entomology <http://urbanentomology.tamu.edu/bedbugs/bedbugs.cfm>
Foto: J. Austin, Texas A&M University. 2007
- ©2005 Department of Medical Entomology, Westmead Hospital, Westmead. A Code of Practice for the Control of Bed Bug Infestations in Australia Draft Third Edition (www.bedbug.org.au)
- GUIA DE CONTROL PARA CHINCHES DE CAMA Gale E. Ridge, The Connecticut Agricultural Experiment Station, www.ct.gov/caes. Fotos: Gale Ridge, Rose Hiskes e Timothy O'Connor.
- Texas A&M University. Center of Urban and structural entomology <http://urbanentomology.tamu.edu/bedbugs/bedbugs.cfm>
Foto: Fletcher et al 2002

Consellería
de Sanidade

Innovación e Xestión
da Saúde Pública
Información divulgativa



XUNTA
DE GALICIA